



## AUTORIZACIÓNS - Curso 2024/2025

### DATOS PERSOAIS

D./ Dna. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, na miña condición de pai/nai/representante legal do/a alumno/a \_\_\_\_\_, matriculado/a no curso \_\_\_\_\_ no IES Francisco Aguiar de Betanzos, con data \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.

### AUTORIZACIÓN SAÍDAS DO CENTRO ESCOLAR POR REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

AUTORIZO que o/a alumno/a baixo a miña tutela ou garda legal poida abandonar o centro escolar en compañía do profesorado para a realización das actividades didácticas e deportivas propostas polos departamentos dentro da vila de Betanzos, acompañados por profesorado e sempre que non impliquen o desprazamento en medio de transporte ou algún desenvolvemento económico.

As actividades complementarias e/ou extraescolares que impliquen cobro de cantidades de diñeiro, extensión de varios días e/ou desprazamento fóra de Betanzos, deberán autorizarse individualmente coas autorizacións correspondentes.

Sinatura

### AUTORIZACIÓN PARA A COMUNICACIÓN DE FALTAS DE ASISTENCIA POR SIXA FAMILIAS

AUTORIZO a recibir toda a información sobre faltas de asistencia do/a meu/miña fillo/a a través do correo electrónico e/ou do servizo web SIXA FAMILIAS e/ou ESPAZO ABALAR, renunciando á necesidade de recibir correo en papel coas faltas de asistencia.

Correos electrónicos familiares:

Pai/titor: \_\_\_\_\_ Nai/titora: \_\_\_\_\_

Alumno/a (só se é maior de 14 anos): \_\_\_\_\_

Sinatura

### AUTORIZACIÓN PARA USO DE IMAXES E VOZ

AUTORIZO ao IES Francisco Aguiar, dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e de acordo coas condicións e termos indicados a continuación a realizar a captación e difusión de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc. (en diante, as imaxes) do alumno/a coa finalidade de promover as actividades e eventos festivos, conmemorativos, deportivos ou culturais, organizados polo centro docente e realizados tanto dentro como fóra deste.

AUTORIZO o tratamento das imaxes en contornas, aplicacións ou ferramentas virtuais prestadoras de servizos en nube e a posible transferencia internacional de datos, derivada do seu uso, aos países nos que se atopen os seus servidores.

A publicación das imaxes poderase realizar a través da páxina web, galería fotográfica, blogs do centro ou institucionais, redes sociais do centro e medios de comunicación.

A presente autorización entenderase feita a título gratuíto e as imaxes serán conservadas durante o tempo necesario para a consecución das finalidades indicadas ou, no seu caso, en tanto as persoas interesadas non retiren o consentimento outorgado.

Sinatura

Estas autorizacións solicítanse para o cumprimento da normativa legal vixente, en concreto, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), o Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e a Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto anterior (autorización para saídas do centro de ensino).

En todo caso, as persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como retirar o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Tamén poderán retirar o consentimento outorgado presentando a súa solicitude ante o propio centro docente. A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercer estes dereitos por si mesmos.

### RECOÑECEMENTO DO DEREITO DE REVOGACIÓN

Con esta cláusula, RECOÑEZO ter sido informado/a de que podó revogar calquera destas autorizacións en calquera momento a través dunha comunicación por escrito dirixida á secretaría do centro.

Sinatura